

..... CENTENARIO

LORENZO VARELA

..... 1916-1978



.....

CERTAME LITERARIO-PEDAGÓGICO
SOBRE A POESÍA (GALEGA E CASTELÁ) DE LORENZO VARELA
NO PRIMEIRO CENTENARIO DO SEU NACEMENTO

BASES PARA CONCURSAR

O Concello de Monterroso, asesorado por unha comisión de especialistas na obra literaria do poeta e coa colaboración do Instituto de Estudos Ulloáns, convoca un certame que se aterá ás seguintes bases:

.....

Poesía en galego

1. O comentario versará sobre un destes cinco poemas (mencionados por orde cronolóxica): “A Rui Xordo” (1944), “Eramos tres irmáns” (1945), “O galo” (1954), “Compañeiros da miña xeración mortos ou asesiñados” (1954) e “Castelao” (1969).
2. A extensión non será superior a quince páxinas. Na primeira figurará o texto escolleito para o comentario. As páxinas, de tamaño DIN A4, presentaranse encadernadas ou grampadas, escritas por unha soa cara, a dobre espazo e con letra en tipo Times New Roman de 12 puntos.
3. Os traballos redactaranse pensando, basicamente, no alumnado de Bacharelato. Por conseguinte, sen que se condicione a liberdade expositiva, autoras e autores deberán ser moi esixentes coas características didácticas dos traballos e terán en conta aquelas cuestións que o profesorado, nese nivel do ensino secundario, non omite na aula (imprescindibles datos biográficos, certos feitos léxicos e gramaticais, figuras retóricas relevantes, métrica...).
4. Os traballos redactaranse en lingua galega aténdose ás Normas vixentes da Real Academia Galega.
5. Outorgaranse tres premios: o primeiro dotado con mil euros, o segundo, con setecentos, e o terceiro, con trescentos.
6. Os traballos premiados publicaranse nun volume do que se fará unha edición ampla, destinada, fundamentalmente, aos centros de ensino de Galicia (e outros que o soliciten). Os dereitos da primeira edición serán propiedade exclusiva do Concello de Monterroso.
7. O prazo de admisión dos traballos conclúe o 15 de outubro de 2016 e estes remitiranse, baixo lema ou pseudónimo, ao Ilmo. Sr. Alcalde de Monterroso. Nun sobre pechado deberá figurar, co lema ou pseudónimo obrigatorio, o nome e demais datos de identificación e localización da autora ou autor.
8. O xurado, constituído por expertos na obra literaria de Lorenzo Varela, emitirá o fallo a finais do mes de outubro de 2016. O correspondente volume estará impreso antes de decembro de 2016 para que, como material didáctico, se poida utilizar antes de concluír o ano Lorenzo Varela.

BASES PARA CONCURSAR

Poesía en castelán

1. O comentario versará sobre un destes cinco poemas (mencionados por orde cronolóxica): “Elogio del llanto” (1940), “A Perpetua, mi madre” (1942), “Duelo en tres canto por la muerte de Miguel Hernández” (1943), “Ofrenda a los franceses” (1944), “Homenaje a Picasso” (1963).
2. A extensión non será superior a quince páxinas. Na primeira figurará o texto escolleito para o comentario. As páxinas, de tamaño DIN A4, presentaranse encadernadas ou grampadas, escritas por unha soa cara, a dobre espazo e con letra en tipo Times New Roman de 12 puntos.
3. Os traballos redactaranse pensando, basicamente, no alumnado de Bacharelato. Por conseguinte, sen que se condicione a liberdade expositiva, autoras e autores deberán ser moi esixentes coas características didácticas dos traballos e terán en conta aquelas cuestións que o profesorado, nese nivel do ensino secundario, non omite na aula (imprescindibles datos biográficos, certos feitos léxicos e gramaticais, figuras retóricas relevantes, métrica...).
4. Os traballos redactaranse en lingua castelá aténdose ás Normas vixentes da Real Academia Española.
5. Outorgaranse tres premios: o primeiro dotado con mil euros, o segundo, con setecentos, e o terceiro, con trescentos.
6. Os traballos premiadas publicaranse nun volume do que se fará unha edición ampla, destinada, fundamentalmente, aos centros de ensino de Galicia (e outros que o soliciten). Os dereitos da primeira edición serán propiedade exclusiva do Concello de Monterroso.
7. O prazo de admisión dos traballos conclúe o 15 de outubro de 2016 e estes remitiranse, baixo lema ou pseudónimo, ao Ilmo. Sr. Alcalde de Monterroso. Nun sobre pechado deberá figurar, co lema ou pseudónimo obrigatorio, o nome e demais datos de identificación e localización da autora ou autor.
8. O xurado, constituído por expertos na obra literaria de Lorenzo Varela, emitirá o fallo a finais do mes de outubro de 2016. O correspondente volume estará impreso antes de decembro de 2016 para que, como material didáctico, se poida utilizar antes de concluír o ano Lorenzo Varela.

.....



.....
NADO, NA HABANA, O 10 DE AGOSTO DE 1916
E FINADO, EN MADRID, O 25 DE NOVEMBRO DE 1978,
LORENZO VARELA FOI UN ESCRITOR, XORNALISTA E POETA GALEGO
QUE VIVIU A MAIOR PARTE DA VIDA NO EXILIO.

A REAL ACADEMIA GALEGA DEDICOU LLE
O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DE 2005

.....

ORGANIZA



CONCELLO
DE
MONTERROSO



COLABORA

AdaWeb